

Índice:

- Obxectivos específicos.
- Horario xeral.
- Estrutura orgánica.
- Equipamento e instalacións.
- Programa de formación anual do profesorado.
- Días festivos escollidos polo consello escolar.
- Calendario de avaliacións.
- Previsión de gastos de funcionamento para o exercicio 2006- 2007.
- Actividades complementarias e extraescolares.

. Obxectivos específicos do centro:

- Mellorar o control do consumo de substancias nocivas para a saúde.
- Campaña de concienciación do alumnado para mellorar o estado de limpeza das dependencias e do recinto do centro.
- Propiciar a lectura e actividades de biblioteca.
- Fomentar o uso das novas tecnoloxías usando software libre.
- Campaña a prol da convivencia no centro.
- Elaborar un protocolo de secretaría.
- Continuar co proxecto de estadias formativas no estranxeiro para alumnos dos ciclos formativos de informática.

. Calendario de avaliacións:

Primeira Avaliación (NADAL):

- Luns, 18 de decembro: PGS, Primeiro Ciclo ESO e CF de Comercio, Xestión e Frío.
- Martes, 19 de decembro: Segundo Ciclo ESO, Bacharelatos e CF de Informática
- Entrega de notas: 22 de decembro

Segunda avaliación (SEMANA SANTA)

- Luns 26 de marzo: PGS, Primeiro Ciclo ESO e CF de Comercio, Xestión e Frío
- Martes 27 de marzo: Segundo Ciclo ESO, Primeiros de Bacharelato e CF de Informática.
- Luns 19 ou martes 20 de marzo: Segundos de Bacharelato.
- Entrega de notas: Segundos de Bacharelato: 23 de marzo. Cursos restantes: 30 de marzo.

Nota: O calendario de ciclos formativos de segundo ano axustarase a normativa vixente.

Terceira avaliación (XUÑO). Orientativo.

- Segundos de BAC: aproximadamente, o 22 de maio
- PGS: aproximadamente, 20 de maio.
- Resto de cursos: semana do 18 ó 22 de xuño

Probas de materias pendentes:

- Calendario de exames finais de ESO e BAC no mes de maio elaborado por Xefatura de Estudos (sen menoscabo de outras datas a elaborar polos Xefes de Departamento respectivos).
- Entrega en Xefatura de contidos mínimos esixibles e datas de probas parciais e contidos das mesmas. Tales datos deben estar expostos, asimesmo, no taboleiro.
- O calendario anterior pode ser completado con traballos ou exames parciais, a determinar por cada departamento.
- No caso de alumnado de ESO con materias pendentes de cursos anteriores axutarase o disposto na lexislación vixente.

Probas de setembro

Deben quedar listas e coas datas correspondentes no me de xuño

Lémbrese a aqueles profesores de Ciclos que rematen antes de xuño as correccións de horarios oportunas e disponibilidades ó efecto .O mesmo para os profesores de Garantía Social e Bacharelato, se fose o caso.

Avaliación de Adultos:

Oferta modular e Epa:

Primeira avaliación e entrega de notas: Venres 22 de decembro.

Segunda avaliación e entrega de notas: Venres 30 de marzo.

Terceira avaliación e entrega de notas: Semana do 18 ó 22 de xuño (Orientativo)

. Horario xeral:

- Réxime de diúrno:
 - . ESO e Bacharelato, de luns a venres, de 08,20 a 13,40 h. O luns, tamén, de 16,00 a 17,40 h.
 - . Ciclos formativos, de luns a venres, de 08,20 a 13,40 h., e luns e martes de 16,00 a 18,30 h.
- Réxime de adultos:
 - . Oferta modular: de luns a venres, de 18,35 a 23,00 h.
 - . EPA(nivel III): de luns a venres, de 18,35 a 22,10 h.

. Estrutura orgánica:

A estrutura orgánica do centro e a estatística de principio de curso atopase no DOC.

. Equipamento e instalacións.

- O centro ten necesidade dunha pista polideportiva cuberta, xa que só conta cun ximnasio de 135 m2.
- Necesidade de reposición de teitos de dependencias deteriorados.
- Renovación do mobiliario menoscabado que aínda no foi renovado.
- Sería conveniente mellorar o mobiliario da sala de usos múltiples.

. Programa de formación anual do profesorado.

- Plan de potenciación lingüística de Inglés para profesorado e alumnado.
- Formación dun grupo de traballo no departamento de informática.
- I encontro de bibliotecas escolares de Galicia.
- Utilización do programa MEIGA.
- Posibilidade de facer un proxecto COMENIUS para alumnos de ESO e Bacharelato.

. Plan de biblioteca.

- Organización de fondos.
- Formación de usuarios.
- Fomento da lectura.

. Días non lectivos escollidos polo Consello Escolar.

21 de febreiro e 30 de abril.

. Previsión do orzamento do exercicio 2007.

Cargo	
Total recursos previstos	192.449,00
Gastos realizados	
Arrendamentos	11.449,00
Reparacións, mantemento e conservación	68.000,00
Material de oficina	28.000,00
Subministracións	50.000,00
Comunicacións	10.000,00
Transporte	1.000,00
Traballos realizados por outras empresas	-
Primas de seguro	-
Tributos	-
Axudas de custo e locomoción	8.000,00
Gastos diversos	8.000,00
Mobiliario e utensilios inventariables	7.000,00
Outros materias inventariables	1.000,00
Totais	192.449,00
Remanente para o vindeiro curso	-
Suma	192.449,00

Actividades Complementarias e Extraescolares:

INDICE:

1- Departamento de actividades extraescolares (vicedirección)

2- Departamentos didácticos:

- **Educación física.**
- **Ciencias naturais , física, química.**
- **Lingua Galega e Literatura**
- **Tecnoloxía**
- **Plástica**
- **Música**
- **Informática**
- **Servizos a produción.**
- **Comercio e marketing, e administración.**

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

- 1. Programación de festividades.**
- 2. Actividades conmemorativas.**
- 3. Programas de divulgación e prevención de temas relacionados coa saúde.**
- 4. Actividades deportivas**
- 5. Plan de emerxencia. (autoprotección)**
- 6. Confeccionar e editar a revista do IES "Chan do Monte"**
- 7. Xornadas de Historia de Galicia**
- 8. Excursión de fin de curso**
- 9. Divulgación da oferta educativa (ciclos)**
- 10. Semana de portas abertas.**

1.Programación de festividades:

Obxectivos:

En xeral fomenta-la convivencia e relacións sociais.

Potenciar a integración na clase, e no centro.

Fomentar a cooperación e complementariedade entre os alumnos.

Fomentar o coñecemento das culturas populares.

Desenrolar a creatividade a través de actividades:Musicais, teatrais, plásticas, etc

Fomentar o desenvolvemento físico, a través de actividades físico- deportivas

Potenciar as relacións entre os membros da comunidade educativa

1.1 Festa do Magosto. (12 de novembro)

Participación aberta a todos os alumnos.

Actividades:

Asado de castañas polos alumnos de 4º de E.S.O. que participan na excursión de fin de curso.

Competicións deportivas: Fubito, baloncesto etc.

1.2 **Festa do Nadal.** (22 de decembro)

Participación aberta a todos os alumnos

Actividades:

Concurso de:

- Postais
- Carteis
- Cómics (Plástica)
- Sombras chinescas (Relixión evanxélica)
- Danzas do mundo (Educación física)
- Panxoliñas (Música)
- Competicións deportivas (Educación física)

1.3 **Festa do entroido.** (febreiro 2006)

Participación aberta a todos os alumnos do centro

Concurso de comparsas (Música)

Concurso de disfraces (interdisciplinar)

Concurso de cómics ou caretas (Plástica)

Xogos populares e tradicionais (e. Física)

1.4 **Festa dos maios.** (Maio de 2005)

Participación por determinar

Recollida e construción de un maio.

Ensaio e montaxe, coreografía musical e letras

1.5 **Festival de fin de curso.** (xuño de 2006)

Participación aberta a todos os alumnos

Representación teatral.

Coral de alumnos e profesores

Competicións deportivas.

Concertos musicais a cargo dos alumnos do centro.

Entrega de premios:

Competición deportiva entre o centro I.E.S. almirante Salvador Moreno de Marín e o noso instituto

2. Actividades conmemorativas:

Obxectivos:

En xeral tratan temas relacionados coas conmemoracións correspondentes:

2.1 Comemoración do Día das Letras Galegas

Obxectivos:

Fomentar o coñecemento da cultura galega e o uso do idioma nas actividades diarias.

Actividade dirixida a todos os compoñentes da comunidade escolar.

Ditas actividades programaranse conxuntamente co departamento de normalización lingüística.

Exposición dos carteis conmemorativos de dito día.

Concurso de redacións.

Actividade aberta atoda comunidade escolar.

3. Programa de divulgación e prevención de temas relacionados coa saúde.

3.1 Programa de divulgación para a prevención das drogodependencias.

Obxectivos:

Mellorar os coñecementos que poidan ter sobre os diferentes tipos de drogas (efectos e consecuencias)

Entrenar aos adolescentes na toma de decisións , solucións de problemas e autoconhecimento.

Detectar hábitos non saudables.

Proporcionar información sobre o uso e abuso das diferentes substancias e así poder aumentar a percepción do risco das condutas do consumo.

Mentalizar ao alumno sobre a problemática do consumo de drogas.

Coñecer a problemática da transmisión do virus do sida e a súa prevención.

Este programa consta de varias sesións onde se tratarán as distintas temáticas sobre as drogas nos colexios, en colaboración coa asociación “REXURDIR”

Dirixida a alumnos da E.S.O.

3.11 Sesión sobre as drogas.

Tipos, definicións, factores de risco, factores de protección, efectos a longo e a corto prazo, tanto físicos como psicolóxicos e sociais do consumo.

3.12 Sesión sobre o tabaco.

Tipos, definicións, factores de risco, factores de protección, efectos a longo e a curto prazo, tanto físicos como psicolóxicos e sociais do consumo.

3.13 Sesión sobre o alcohol.

Tipos, definicións, factores de risco, factores de protección, efectos a longo e a curto prazo, tanto físicos como psicolóxicos e sociais do consumo.

3.14 Sesión de dúbidas

Esta sesión levarase a cabo para aclarar as dúbidas que poidan ter sobre as sesións realizadas.

3.2 Conferencia sobre a sida.

Colabora nesta actividade, o Dotor Galiano, do centro de saúde de Seixo

Obxectivos:

Coñecer a problemática de transmisión do virus da sida (VIH)

Prevenición de condutas de risco

Dirixida a alumnos de 3º e 4º de E.S.O.

Colabora nesta actividade o Dr. Celestino Galiano Montes do centro de saúde Seixo

3.3 Campaña “Te puede pasar”

Campaña de de prevención de accidentes e as súas graves consecuencias (lesións medulares e cerebrais) Dirixida a xoves de 25 anos.

A campaña de prevención “Te puede pasar” consiste nunha charla-coloquio de 90 minutos de duración impartida por un médico e un parapléxico con apoio audiovisual na que se adapta o contido ao nivel dos alumnos.

Nestas trátanse os seguintes temas:

- Conceptos básicos sobre a médula espiñal e o cerebro (lesións medulares e traumatismos craneoencefálicos)
- Prevenición primaria
 - Causas destas lesións (accidentes de tráfico, deportivos, caídas, etc)
 - Formas de evitalas (cinto de seguridade, casco, deporte seguro, etc)
- Prevenición secundaria
 - Normas básicas de actuación despois dun accidente.
- Prevenición terciaria
 - Problemas aos que se enfrenta unha persoa despois dun accidente

Colaboran nesta campaña:

Ministerio de Educación

Hospital Juan Canalejo

Dirección Xeral de Tráfico e

AESLEME

Está dirixida a todo o alumnado do centro

3.4 Alimentación sa e almuerzo salubre. Prevención tabáquica e consumo moderado de alcohol na adolescencia

Obxectivos

Prevención do cancro, educar para a saúde ós mozos e mozas ,Facer fincape na alimentación, e no consumo de alcohol, debido o alarmante consomo e abuso do mesmo

Colabora nesta actividade a A.E.C.C. Asociación Española contra o cancro

Dirixida aos alumnos de 3º de E.S.O.

3.5 Sen violencia convivencia.

Programa de prevención de condutas violentas

Colabora nesta actividade a Cruz Vermella/xuventude

Dirixida aos alumnos de 2º e 3º de E.S.O., profesores, pais/ nais ou titores dos alumnos.

Obxectivos:

Evitar a proliferación de condutas violentas dentro da comunidade escolar

Aportar aos pais/ nais instrumentos válidos para a educación dos seus fillos

Ofrecer información aos docentes sobre as formas de resolver positivamente os conflitos.

Comprender as razóns e funcións da violencia para neutralizala e superala.

Promocionar actitudes positivas para a prevención das condutas violentas na xuventude da nosa sociedade.

Bloques de traballo:

Dereitos humanos.

Habilidades sociais e de comunicación. A violencia e a violencia de xénero.

Resolución de conflitos.

Autoestima.

Bullying.

4. Actividades deportivas:

A parte das actividades deportivas programadas polo seminario de educación física, dende a vicedirección, propiciaranse outras actividades como:

Participación na carreira popular “CORRELINGUA” para alumnos de 1º E.S.O.

Participación na carreira popular”DIARIO DE PONTEVEDRA” para alumnos de 2º E.S.O.

Competición de fútbol sala entre o **I.E.S. Almirante Salvador Moreno** e o **I.E.S. Chan do Monte** ámbolos dous de Marín.

Carreiras de orientación

Competición de xadrez, damas e tenis de mesa

Campeonatos de tenis de mesa

Carreiras de orientación

Estas últimas dirixidas a todo o alumnado do centro, e realizaranse o longo do curso

5. Plan de emerxencia:

5.1 Divulgación do plan de emerxencia.

Obxectivos:

-

- Proporcionar ao persoal dos centros de ensinanza unha cultura de autoprotección co fin de afrontar adecuadamente os riscos que se lles poida presentar.
- Coñecer o Plan de Emerxencia.
- Desenvolver o Plan de Emerxencia.
- Adecuar o Plan de Emerxencia a cada circunstancia.
- Planificación e implantación de exercicios de simulacro.

Preténdese que participen nesta actividade, a Cruz Vermella, Protección Civil, e Bombeiros, Policía Municipal etc, (primeiros auxilios)

5.2 Simulacro de emerxencia.

Obxectivos

- Evitar riscos ou danos nas persoas, edificios e instalacións.
- Adaptación da teoría e práctica da evacuación de centros escolares ás circunstancias físicas do propio centro.
- Planificar o simulacro de evacuación do centro. Pautas a seguir. Coñecer as vías de evacuación.

- Analizar as funcións de cada persoa no simulacro de evacuación.
- Asignación de funcións ao persoal do centro (por plantas, edificio,etc.)
- Desenvolver o simulacro de evacuación do centro.
- Avaliar o simulacro de evacuación do centro (recoller detalles, corrixis as desviacións ou erros, coñecer os tempos reais. Observar o comportamento do persoal docente/ non docente e alumnos).
- Adaptación do persoal de nova incorporación á realización dos exercicios ou simulacros periódicos (reassignación de funcións se procede, etc).

6. Confeccionar e editar a revista do IES "Chan do Monte"

Trátase de publicar un único número a final de curso, podéndose manter ou non a cabeceira Brétema, que fora hai anos a revista do centro. En coordinación cun grupo de alumnos establecéronse inicialmente as seguintes seccións:

- Traballo de campo/investigación.
- Toponimia.
- Tema de interese xente nova.
- Entrevista.
- Referencia a actividades realizadas durante o curso.
- A vida no instituto: valoración crítica.
- Creación literaria.
- Informática.
- Deportes.
- Motor.
- Enquisa.
- Páxina gráfica.
- Pasatempos.
- Música, literatura, arte.
- Álbum fotos clases.
- Cartas á Redacción.
- Colaboracións de exalumnos.

Preténdese ter cada sección o máis orientada posíbel antes de rematar o primeiro trimestre, para logo realizar unha campaña de publicidade sobre a revista entre xaneiro e febreiro. Agradécese a colaboración activa do profesorado.

- **Obxectivos:**
 - Procurar un espazo onde a comunidade educativa, especialmente o alumnado, poida expresar asuntos de interese para a mesma e dar conta de actividades realizadas durante o curso.
 - Divulgar a consideración da lingua galega tamén como propia dun medio de expresión e habituar o alumnado ao seu uso.
- **Coordinación:**
 - Vicedirección
 - Equipo de normalización lingüística.
- **Alumnado:**
 - Aberto a todos os alumnos do centro

7. X Xornadas de Historia de Galicia.

Como ven sucedendo desde 1996 o I.E.S. Chan do Monte ven desenrolando todos os anos as xornadas de Historia de Galicia que teñen como principios obxectivos:

8. Viaxe cultural de fin de curso:

Duración unha semana

Fecha: Prevista para a semana antes de Semana Santa

Alumnos de 4º da E.S.O.

Programa pendente de redactar

NORMALIZACIÓN LINGUISTA

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES:

2. Creación dun taller de expresión dramática.

Preténdese investigar, por medio dos varios niveis de expresión que ofrece o teatro, o interior e o arredor de cada persoa que conforme o grupo, que remataría cunha representación escénica. O taller de expresión dramática acollería basicamente cinco vertentes: a expresión (oral e corporal), a imaxinación e a creatividade, a comunicación, o autoconecemento e a abordaxe cultural.

- **Obxectivos xerais:**

- Desenvolver a capacidade de interrelación.
- Coñecer e desenvolver as capacidades de expresión.
- Estimular a creatividade.
- Procurar o autoconecemento.

- **Obxectivos específicos:**

- Fomentar o coñecemento do grupo e do individuo.
- Entender a tarefa persoal como elemento constitutivo do grupo.
- Crear unha dinámica de traballo colectivo
- Estimular as capacidades psicomotoras
- Recoñecer os medios de expresión dramática.
- Organizar e utilizar eses medios.

- **Actividades previstas:**

- Xogo dramático.
- Improvisación.
- Proxecto final de representación.

3. Creación dun grupo de traballo para realizar tarefas de tradución ao galego de textos breves de diversas materias.

4. Elaboración de carteis e adhesivos en favor do uso do idioma de Galicia.

-Valoración económica: 100.

5. Feira do libro en galego, para a que se contaría co apoio da editoriais. Mes de maio.

6. Colaboración coas actividades programadas polos departamento que se acollan aos obxectivos do equipo.

7. Fomentarase a relación cos equipos da comarca para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.

4.- DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

- **Educación Física**
- **Ciencias Naturais, Física e Química**
- **Lingua Galega e Literatura**
- **Tecnoloxía**
- **Educación Plástica e Visual**
- **Música**
- **Servicios á produción.**
- **Informática**
- **Administrativo**

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

1º CICLO ESO:

Obxectivos:

- *Aprender a talonar o paso e aprecia-las distancias.*
- *Desenvolve-la capacidade de adaptación ó medio natural e valora-la importancia do seu coidado e protección.*
- *Adquirir e practicalos fundamentos básicos do equilibrio dinámico aplicados á patinaxe sobre xeo.*
- *Familiarizarse co material axeitado á práctica de actividades físicas no medio natural.*
- *Valoralo patrimonio cultural do contorno do centro e amosar unha actitude de respecto cara a súa conservación.*

Actividades programadas:

1º E.S.O.:

Actividade: Sendeirismo, Rota dos muíños do río Loira.

Lugar: Contorno do centro e río Loira.

Época do ano: 3º trimestre. (Primavera)

Duración: Unha mañá en horario escolar:

Custo económico da actividade e financiamento.: 0,00 €

Observacións: Interdisciplinar con tecnoloxía.


Actividade: Patinaxe sobre xeo

Lugar: Pendentes do lugar de instalación da carpa: Vigo, Santiago, Vilagarcía...

Época do ano: Xaneiro.

Duración: Unha Mañá en horario lectivo.

Custo económico da actividade e financiamento. Os alumnos pagan a entrada na pista e o centro paga o custo do autobús (*segundo a costume de diferentes xeracións de profesores dos diferentes claustros e direccións neste centro*).



2º E.S.O.:

Actividade: Sendeirismo e ruta do Cabo Udra

Lugar: Beluso – Cabo Udra (Bueu)

Época do ano: 2º Trimestre.

Duración: Unha mañá do horario escolar.

Custo económico da actividade e financiamento. Transporte en autobús de Chan do Monte a Beluso e recollida en Cabo Udra.

Observacións:

Actividade: Sendeirismo Rota Dos Muiños do Folón (O Rosal), e visitas ó Castro de Santa Tegra, Valença e Tui.


Lugares: Os mesmos

Época do ano: 3º trimestre.

Duración: Todo o día.

Custo económico da actividade e financiamento: Transporte

Observacións: Interdisciplinar con tecnoloxía e historia.(*cada alumno levará a súa propia comida*)



2º CICLO DE E. S.O.:

Obxectivos:

- 3- *Recoñecer en situación real un estadio de atletismo e as características das diferentes partes que o compoñen.*
- 4- *Desenvolve-las capacidades de autonomía no medio natural e valora-la importánci do seu coidado e protección.*
- 5- *Desenvolver actitudes de traballo en equipo con xenerosidade para levar adiante actividades en grupo no medio natural.*
- 6- *Adquirir os coñecementos necesarios para poder planificar unha actividade no medio natural e aqueles específicos para realizar unha acampada.*

Actividades programadas:

3º E.S.O.

Actividade: Visita a un estadio de atletismo e sendeirismo polo río Lérez e xunqueira de Alba.

Lugar: Pontevedra: (C.T.D. e Xunqueira de Alba)

Época do ano: 1º ou 2º Trimestre.

Duración: Unha mañá.

Custo económico da actividade e financiamento. Transporte Chan do Monte – Pontevedra e volta.

Observacións:

Actividade: Sendeirismo e acampada nas “Illas Cíes “

Lugar: Parque nacional das Illas atlánticas.

Época do ano: 3º Trimestre

Duración: Dous días.

Custo económico da actividade e financiamento. Dereitos de acampada, manutención e transporte marítimo corre a conta dos alumnos. Transporte hasta Vigo (ida e volta) a cargo do centro.

Observacións: Interdisciplinar con C.C. N.N.



BACHARELATO

Obxectivos:

-

- *Desenvolve-la capacidade de autonomía no medio natural e valorala importancia do seu coidado e protección.*
- *Organizar e desenvolver de forma autónoma actividades no medio natural.*
- *Coñecer e poñer en práctica ás prevencións necesarias para desenvolver actividades no medio natural.*
- *Practica-las técnicas básicas da escalada nun contorno natural.*
- *Avalia-lo nivel da condición física de un compañeiro/a mediante a observación de unha proba de esforzo.*

Actividades propostas:

- **Actividade: Observación de unha proba de esforzo. E sendeirismo polo contorno do río Lerez , Illa das Esculturas e camiño xacobeo portugués (xunqueira de Alba).**

Lugar: C. G. T. D. E Xunqueiras de Lérez e Alba.

Época do ano: 2º e/ou 3º Trimestre.

Duración: Unha mañá.

Custo económico da actividade e financiamento. Transporte a cargo do centro.

Observacións:

- **Actividade:** *Sendeiro do río Avia (De Pazos de Arenteiro a Ribadavia)*

Lugar: Pazos de Arenterio-Ribadavia (Ourense)

Época do ano: 2º/ 3º Trimestre.

Duración: Un día

Custo económico da actividade e financiamento. Transporte a cargo do centro.

Observacións: A actividade inclúe visitas histórico-culturais a Pazos de Arenteiro e a Ribadavia

- **Actividade:** *Sendeirismo polo P.N. “Fragas do Eume”. (Conxunta con 4º da ESO)*

PROFESORES:


Nas actividades deseñadas polo noso departamento participaremos como profesores acompañantes os dous profesores de Ed. Física, e nas que teñan carácter interdisciplinar cos diferentes departamentos, contamos tamén coa participación dos profesores dos mesmos. *(Cumprindo a ratio marcada pola lei e/ou necesidades da mesma.)*

OUTRAS ACTIVIDADES:

- Dentro do horario da asignatura de Ed. Física poderanse organizar si o permiten as condicións climáticas, pequenas rutas de sendeirismo e deportes alternativos no contorno do centro e nas praias próximas.
- Nos mes de Maio , Xuño e Setembro faranse os preparativos para a organización da actividade anual de montaña de carácter interdisciplinar a celebrar no mes de Outubro de 2007:

Promoción, publicitación, deseño , estudio do financiamento e trámites administrativos: *(conformidade*

da inspección educativa; autorización do consello escolar, da comisión pedagóxica, da dirección do centro e dos pais ou titores de cada alumno).



Asdo:

Antonio Puga Teixeira :

SEMINARIOS DE CIENCIAS NATURAIS E FÍSICA E QUÍMICA

INTRODUCCIÓN

Os Seminarios organizadores destas actividades, apostan dun xeito claro por un tipo de ensino activo, aproveitando toda-las oportunidades que se lle brindan dende diferentes organismos como museos, aulas da natureza, industrias, , para facer un tipo de ensino significativo e interdisciplinar empregando todo-los medios que teñen o seu alcance para aclarar e complementar conceptos, realizar experiencias, observar e estudar a Natureza dun xeito directo, etc. sen esquecer os temas transversais do currículo, tratando en todo momento de despertar nos alumnos a curiosidade, o respecto polo seu entorno natural, polo medio ambiente, pola explotación racional dos recursos.....

A cada actividade os alumnos van provistos *dun caderno de traballo* elaborado polos profesores organizadores e que será avaliado ó remate da mesma.

As actividades divídense en dous tipos: as dunha soa xornada e as de varias xornadas (3-4 días), neste último caso aproveitase sempre algún festivo e inclúese un fin de semana no calendario da actividade a fin de “perder” o mínimo número de horas lectivas noutras materias.

En toda-las actividades o importe do autobús corre a cargo do centro, como se ven facendo dende que se realizan actividades extraescolares; as entradas ós museos corren a cargo dos Seminarios organizadores e nas saídas de máis dunha xornada o aloxamento, se é o caso, e a comida corren a cargo dos alumnos.

As actividades realizaranse preferiblemente a finais do segundo trimestre e comezos do terceiro, tratando en todo momento de interferir o menos posible no normal desenvolvemento do curso; as datas de realización de moitas delas están condicionadas á autorización pertinente por parte do centro a visitar.

Do total de actividades propostas só tres é seguro que se van a desenvolver: a visita didáctica ós Museos científicos da Coruña, a visita didáctica ós Montes de Invernadoiro, e a visita didáctica ás plantas potabilizadora e a EDAR de Pontevedra.

Do resto de actividades escolleranse algunhas para desenvolver o longo do curso, en función das características do alumnado, da marcha do curso, etc, pero se presentan todas para non ter que aprobalas en Consellos Escolares extraordinarios en caso de realizar algunha

PRIMEIRO CICLO DA E.S.O

CURSO: 1º e 2º E.S.O.

ACTIVIDADE:

VISITA DIDÁCTICA Á AULA DA NATUREZA DE COTORREDONDO

OBXECTIVOS

- Coñecer as diferentes especies de fauna e flora dun monte caducifolio de Galicia
- Coñecer os diferentes métodos de estudio da fauna e a flora
- Despertar no alumnado a curiosidade e o respecto polo medio natural
- Facer actividades de reciclaxe (papeis, aceites, etc)
- Favorecer a aplicación polos alumnos/as do procedemento científico: Observación, Deducción e Experimentación
- Desenvolver hábitos e actitudes de convivencia, respecto e solidariedade entre as persoas

DURACIÓN

Unha mañán

CUSTO APROXIMADO.

O importe da viaxe en autobús

Número alumnos

PRIMEIRO E SEGUNDO CICLO DA E.S.O

ACTIVIDADE:

**CHARLA COLOQUIO SOBRE FLORA E FAUNA DE GALICIA por o Naturalista
FEDERICO DE LA PEÑA SANTOS**

OBXECTIVOS

- Coñecer as diferentes especies de fauna e flora máis representativas de Galicia
- Despertar no alumnado a curiosidade e o respecto polo medio natural, incluíndo a paisaxe
- Coñecer e valorar a grande diversidade de Galicia e a necesidade da súa conservación
- Desterrar certas ideas preconcebidas sobre determinadas especies de animais consideradas “proscritas”: o lobo, a curuxa, os mouchos, as píntigas, os sapos, as ratas, as cobras,

DURACIÓN

Unha mañán

TEMPORALIZACIÓN

Dúas charlas – coloquio, unha no outono e outra na primavera

CUSTO APROXIMADO.

SEGUNDO E SEGUNDO CICLO DA E.S.O. e EPA

-
ACTIVIDADE:

-
VISITA DIDÁCTICA ÓS MUSEOS CIENTÍFICOS DA CORUÑA: “CASA DAS CIENCIAS”, “DOMUS” E “CASA DOS PEIXES”

OBXECTIVOS:

